



Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Sindicato de
Traballadores da
Administración de

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673.618.911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Vigo (Julían) **647.401.860**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

M^a JOSE PEREZ SANCHEZ , delegada de prevención de riscos e delegada sindical polo STAJ con domicilio a efecto de notificacións no local sindical sito en Rúa Viena s/n (edificio Xulgados), planta de entrada en Santiago de Compostela (tlf. 673618911).

Debido ao concurso de traslado, vaise a producir unha gran mobilidade entre os funcionarios da Administración de Xustiza que conseguiron novo destino e polo tanto están próximos a ocupar os seus novos postos de traballo como integrantes das plantillas orgánicas de cada un dos órganos afectados.

Esta situación vai xerar unha serie de problemas entre os traballadores, cuxa solución pediu en reiteradas ocasións este sindicato.

De tal modo que, chegarán a Galicia compañeiros procedentes doutras comunidades autónomas que non utilizaron como ferramenta de traballo o programa "Minerva" ou que proceden de xurisdicións distintas á que van ser adscritos con escasa ou nula experiencia para o seu novo posto de traballo, ou formarán parte como novos integrantes do persoal de Fiscalías, sen coñecementos para poder manexar o programa "Fortuny", todo o cal, comportará un tempo de adaptación complexo e complicado tanto para os recentemente chegados como para os que xa integran o persoal das plantillas que formarán parte.

É por iso que, Staj reitera unha vez mais, a petición de formación adecuada, para todos e cada un dos recentemente chegados aos seus novos destinos.

Se temos en conta a carga de traballo acumulada e non resolta en moitos centros de traballo, mais o tempo de adaptación dos novos membros dos seus persoais que pode verse agravado pola falta de coñecementos no manexo das ferramentas necesarias para desenvolver as súas funcións, poderíanse chegar a producir situacións incómodas para uns e para outros que soamente se poden evitar cun plan de formación áxil e eficaz adaptado a cada unha das novas situacións que se van a orixinar.

Por todo iso, SOLICITO que a través da Intranet se infórme os funcionarios que obtivesen novos destinos, que dispoñen dun plan de formación adecuado aos seus novos postos de traballo **CON UN TITOR PRESENCIAL en cada un dos órganos que haxa un compañeiro que cambiou de destino, propoñendo que ejerza esas funcións de forma remunerada**, un compañeiro de ese mesmo Xulgado, Fiscalía, Imelga, Servicio Común e demáis oficinas xudiciais.

Santiago de Compostela ao 18 de febreiro de 2019

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/02/2019 13:22:07

ENTRADA 1111 / RX 346343

